


AVENTURA
Rías Baixas

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNCA XESTIÓN S.L.
E O CASINO MERCANTIL INDUSTRIAL DE PONTEVEDRA PARA
A APLICACIÓN DE DESCONTOS NO ECOPARQUE DE MARÍN E
O ECOPARQUE DE ATALAIA**



Marín, a 20 de Setembro de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, MARINA PELETEIRO FONTENLA, con D.N.I nº 44.088.542-A en nome e representación de XUNCA XESTION, S.L.U. con C.I.F.:B-36.568.392, e domicilio no Lugar de Santa María de Sacos – Dorna 45, Cerdedo – Cotobade.

Doutra banda O Casino Mercantil Industrial de Pontevedra con C.I.F. **G 36010106**, e sede en **PONTEVEDRA, PLAZA DE CURROS ENRIQUEZ, S/N, 36002**, e no seu nome e representación D. **ERNESTO FILGUEIRA TOURINO**, con D.N.I.nº **35283664 P**, actuando en calidade de **PRESIDENTE DO CASINO MERCANTIL INDUSTRIAL DE PONTEVEDRA**, con poderes que non lle foron derogados nin modificados.

Ámbolos representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das súas respectivas entidades o presente convenio y, ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que tanto Xunca Xestión S.L.U. como O Casino Mercantil Industrial de Pontevedra están de acordo en establecer unha colaboración entre elas que supoña a aplicación dun desconto nas tarifas das seguintes actividades aos membros do Casino Mercantil Industrial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Os descontos que se contemplan neste convenio de colaboración son referentes ás actividades do Ecoparque de Marín situado no lugar de Sto Tomé de Piñeiro s/n Pardavila, Marín e do Ecoparque de Atalaia situado no lugar de Atalaia en Viascón, Cerdedo Cotobade.

TERCEIRO.- Para aplicar as tarifas de desconto contempladas no presente convenio, a persoa solicitante do desconto deberá identificarse como membro do Casino Mercantil Industrial de Pontevedra mediante algún documento oficial e solicitar o desconto antes de realizarse o cobro. Unha vez feito o cobro, de non ter solicitado previamente o desconto pérdese o dereito a que se lle devolvan os cartos correspondentes ao desconto.

Os descontos serán aplicados para o membro socio máis 4 acompañantes.

Os descontos aplicados neste convenio non se poderán solapar con outros descontos, como poder ser os descontos colectivos ou outras ofertas publicadas pola empresa colaboradora.

CUARTO.- Para poder acceder a calquera das actividades en calquera dos dous parques, deberá realizar unha reserva previa da praza. A reserva poderase realizar por correo electrónico en reservas@aventurariasbaixas.com ou ben por teléfono 986 702 056 – 692 847 622, e deberá acollese ás condicións establecidas para cada parque.

QUINTO.- Os descontos a aplicar no Ecoparque de Marín son:

Os **Circuitos Arbóreos** que supón 2€ de desconto sobre a tarifa individual de venta ó público. E as **rotas a cabalo**, que supón un desconto de 1,5€ (non aplicable ós paseos a cabalo).

Os descontos a aplicar no Ecoparque de Atalaia serán efectivos nos seguintes paquetes de actividades:

Ecoagroturismo de ½ día (inclúe actividades de granxeiro por un día e paseos a cabalo, actividades programadas para unha duración aproximada de 3 horas) o desconto será de 1€ sobre a tarifa. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 6 persoas.

Visita sen guía á Ecogranxa a á Exposición Etnográfica sobre o rural galego; o desconto sobre a tarifa para os membros así como para ata 4 dos seus acompañantes será de 1 €

Paintball Adulto (200 bolas) O desconto será de 2 € sobre a tarifa individual. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 8 persoas.

Paintball familiar: O desconto será de 1 € sobre a tarifa individual. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 8 persoas.

****** A diferenza con paintball de adulto é que poden participar nenos de a partir de 8 anos, sendo unha actividade estupenda para facer en familia.

Kayak libre: O desconto será de 1 € sobre a tarifa individual. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 6 persoas.

Kayak descenso: O desconto será de 1 € sobre a tarifa individual. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 6 persoas.

Rafting: O desconto será de 1 € sobre a tarifa individual. O resto de membros do grupo participante non bonificados, deberá abonar o prezo de tarifa normal. A actividade só se poderá realizar con un grupo mínimo de 6 persoas.

** O descontos serán sempre por socio, é dicir, se nun mesmo grupo asistisen dous socios membros, cada un deles poderá asistir con 4 acompañantes co desconto correspondente.

SEXTO.- O período de aplicación dos descontos establecidos neste convenio será todo o ano, nos horarios establecidos no Ecoparque de Marín e no Ecoparque de Atalaia.

De XUÑO A SETEMBRO : De luns a Venres

De OUTUBRO A MAÍO: De luns a Domingo.

Tendo en conta o anteriormente exposto, Xunca Xestión e O Casino Mercantil Industrial de Pontevedra.

DECIDEN

Aceptar como propios os criterios obxecto deste convenio de colaboración descritos no exposto con anterioridade, e acatar sen poñer reparos ou dificultades de tipo algún as cláusulas descritas a continuación.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO

O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para os descontos aplicables aos membros do Casino Mercantil Industrial de Pontevedra por parte da empresa Xunca Xestión S.L.U.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Realización de tarifas de desconto para o persoal membro do Casino Mercantil Industrial de Pontevedra.

- Realización de eventos e celebracións propias do Casino Mercantil Industrial de Pontevedra coa colaboración de Xunca Xestión S.L. no que ás instalacións do Ecoparque de Marín e do Ecoparque de Atalaia se refire, e segundo as condición impostas por Xunca Xestión S.L.U.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

As colaboracións derivadas deste Convenio de Colaboración quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, e as normas propias do Ecoparque de Marín e do Ecoparque de Atalaia derivadas do seu normal funcionamento, tendo en conta a natureza da colaboración.

CUARTA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo entrará en vigor no momento do seu asinamento e a súa vixencia será anual e será automaticamente renovado.


QUINTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

As partes poderán modificar ou renunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, resolver o presente acordo comunicándollo por escrito á outra parte con seis (3) meses de antelación á data na que pretenda dalo por rematado.


SEXTA.- XURISDICCIÓN

Xunca Xestión S.L. e o Sindicato Maioritario de Galicia comprométense a resolver de xeito amigable entre o representante do O Casino Mercantil Industrial de Pontevedra e a representante de Xunca Xestión S.L.U. calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por o presente documento no lugar e data arriba indicados.


Xunca Xestión S.L.
C.I.F. B 36 568 962
C/Alameda de S. Carlos, 45
Por Xunca Xestión

Administradora: Marina Peleteiro Fontenla


Por Casino Mercantil Industrial de
Pontevedra
Presidente: Ernesto Filgueira Touriño